Luis Bouza-Brey Trillo
ABOGADO
DE LOS ILUSTRES COLEGIOS DE
LA CORUÑA Y PONTEVEDRA

PLAZA DE CALVO SOTELO 2-1.º
TELEFONO, 139
VILLAGARCIA DE AROSA
(PONTEVEDRA)

31 do Nadal de 1964

Cont. 12-II-65

Sr. D. Luis Tobío Fdez.

Madrid.

Meu querido e recordado amigo:

O que sempre ostou por facer, cumpro agora. Ahí che vai unha fotografía das nosas «bodas de prata» de todolos que rematamos a carreira no ano 1928 — Moitos non sei como se chaman, pois son ainda os de «Libre», os de xaneiro do 28 i-os de setembro do mesmo ano, que adiantaron. Chaméi-nos a todos, pois... tiña saudade daqueles tempos e, ainda nese ano: 1953, había certos desapegos, rostrollos da malfadada guerra civil, onde case que todos estiveran. Eu non.

A ti tamén che escribín; deica andabas polo Uruguay, mais a carta chegóuseme de volta, pois non sabía a tua direción, non souben a quen preguntar e mandeina suplicada á Radio, onde pouco dinantes ti falaras.

Logo, Martul, deume a noticia da tua chegada a

Madrid i-a túa direccion. Isto ainda foi pouco tempo. E díxome logo que este ano virías á Toxa. Alí pensamos iste ver, e fumos Martínez López mais eu, o dia 26 de Agosto; pero, polo visto, alí entiden, deica o 20, ou cousa así, de ese mes. O caso é que sei de ti, pero non sei como agora representes. Fomos vellos xa, Luis.

Ben. Non voltei a Madrid dende o ano 36; mais penso ire calquer dia, un dia calisquer, pois teño facilidade xa que un industrial de aquí vai cada mes duas ou tres veces e sempre me está a invitar. Estou moi preso pola profesión e polo desgano de ver Madrid, onde xa non teño contaito algún depois de sete anos que alí pasei. Pero teño gana de te ver, así que xa verei de coller pulo. Dame o teu teléfono e dime a hora mais apeitada pra te chamar. Falaremos un pouco, calaremos mais tempo (eu, como decote, non sei moito que decir) i-eu cumplirei un anceio.

E polo de agora nada mais. Unha fonda, fonda e verdadeira aperta saudosa de teu vello amigo.

[illegible signature]

Eu, non estou na fotografia.